**Memoria de ABREVIADA de entidades sen ánimo de lucro do exercicio anual rematado a 31/12/2024 da FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE**

## 1. -Actividade da empresa

A FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE constituíuse como tal o 21 de maio de 1999 por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Réxese pola lei de réxime das Fundacións de Interese Galego de 22 de xuño de 1983, reformada pola lei de 8 de novembro de 1991, polo seu regulamento aprobado polo decreto de 18 de xuño de 1992 e pola lei de Fundacións e de Incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral de 24 de novembro de 1994.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por orde de 6 de xullo de 1999 pola Consellaria da Presidencia e Administración Pública e declarada de interese galego por Orde do 9 de agosto de 1999 pola Consellaria de Cultura, Comunicación Social e Turismo, inseríndose no Rexistro de Fundacións do seu protectorado.

A Fundación constituíuse cunha dotación fundacional de 1 millón de pesetas (6.010,12 euros), aportados na súa totalidade polo Bloque Nacionalista Galego.

## 2. -Bases de presentación das contas anuais

*2.1. Imaxe fiel.*

Os estados financeiros (contas anuais) da Fundación foron formulados a partir dos rexistros contables da Fundación, de acordo cos principios de contabilidade xeralmente aceptados e demais criterios valorativos recollidos especialmente na Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade y Auditoría de Contas, polo que se aproba o Plan de Contabilidade de entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira e dos resultados da Fundación. Tamén se tivo en conta o RD 1491/2011 modificado por Resolución de 26 de marzo de 2013 do ICAC en todo o que non contraveña ao RD 1/2021 de modificación do PXC inicialmente aprobado por RD 1514/2007.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosa-la imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

*2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados.*

A Fundación non aplicou principios contables non obrigatorios.

*2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume.*

A Fundación elaborou as presentes contas anuais baixo o *principio de empresa en funcionamento*, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos ou gastos e compromisos que figuran rexistrados, caso da vida útil dos activos para cálculo de amortizacións ou estimacións de compromisos futuros caso de provisións por continxencias. A pesar de estar feitas estas estimacións coa mellor información da que se dispoñía, non se descarta que no futuro poida ser necesario modificar estas estimacións en función de acontecementos futuros que as modifiquen. Nese caso corrixiranse de maneira prospectiva nas contas de perdas e ganancias futuras atendendo ás novas circunstancias.

*2.4. Comparación da información.*

De acordo coa lexislación mercantil aplicábel, a dirección da Fundación presenta a efectos comparativos, con cada unha das partidas do Balance, da Conta de Resultados, e da Memoria, as correspondentes ao exercicio anterior.

Non existen razóns polas que as contas anuais do exercicio non sexan comparables coas do exercicio anterior. Ver nota 2.7.

*2.5. Elementos recollidos en varias partidas.*

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en varias partidas ou conceptos do balance.

*2.6. Cambios en criterios contables.*

Non se realizaron no exercicio axustes ás contas anuais derivados de cambios en criterios contables.

*2.7. Corrección de erros.*

Durante o exercicio axustáronse erros por contía global de 1.808,13 euros, dos que 1.636,73 corresponden ao recoñecemento do importe que finalmente non se vai cobrar dunha subvención da Deputación de A Coruña. O resto son pequenos erros sen importancia material que requiran aclaración específica.

Adicionalmente informamos que no exercicio detectáronse 12.863,76 euros de saldos debedores que deberían ter sido regularizados xa en anos previos ao 2023 pero que non se axustaron ata 2024, foron axustados contra o PN de inicio do ano 2023, axustando os importes comparativos. Tamén en 2023 leváranse contra Patrimonio directamente 10.979,22 euros derivados de axustes por unha inspección fiscal.

## 3. -Aplicación de Excedente

A proposta de aplicación do resultado do exercicio é como segue:

| **Bases del reparto** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Excedente do exercicio: | 5.896,19 |
| Remanentes | |
| Reservas | |
| **Total a aplicar:** | **5.896,19** |

| **Aplicación:** | |
|---|---|
| A Reservas | |
| A resultados negativos de exercicios anteriores | 5.896,19 |
| A compensación de resultados negativos de exercicios anteriores | |
| **Total aplicado:** | **5.896,19** |

## 4. -Normas de rexistro e valoración

### 1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a Fundación no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre co criterio de identificabilidade, isto é, o inmobilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:

- Ser separable, isto é, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado o intercambiado.
- Xurda de dereitos legais ou separables da Fundación ou doutros dereitos ou obrigas.

A amortización do inmobilizado intanxible faise segundo a vida útil estimada dos elementos. O tipo aplicado para estes elementos é do 15%. A final de ano realizase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

### 2. Inmobilizado material.

O inmobilizado material recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a entidade no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoña unha prolongación da vida útil dos elementos do inmobilizado, recoñécense como gastos do exercicio no que se producen.

A dotación anual á amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. A Fundación amortiza ao 10% anual elementos de mobiliario e ao 15% os Equipos informáticos.

A final de ano realízase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

A Fundación clasifica como inversións inmobiliarias aqueles activos non correntes que son inmobles non afectos á actividade, e que producen rendas pola vía do aluguer ou estivesen adicados a obter plusvalías coa súa venda.

**3. Inversións inmobiliarias.**

A Fundación non dispuxo durante o exercicio (nin durante o anterior) de Inversións Inmobiliarias.

**4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico.**

A Fundación valora ditos bens en función do valor de adquisición desembolsado no momento da súa adquisición.

**5. Permutas.**

A Fundación non realizou permutas durante o exercicio, nin durante o comparativo anterior.

**6. Créditos e débitos da actividade propia.**

A Fundación valora estes créditos e débitos segundo as normas valorativas aplicables aos «Activos financeiros a custe amortizado» ou aos «Pasivos financeiros a custe amortizado» respectivamente e segundo se describe no parágrafo seguinte.

**7. Activos financeiros e pasivos financeiros**

A Fundación clasifica os seus activos financeiros como:

1. Activos financeiros a custe amortizado.
2. Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de resultados.
3. Activos financeiros a custe.
4. Activos financeiros a valor razoable con cambios en Patrimonio neto

A Fundación unicamente dispón de «Activos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Non obstante os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal. Ao peche do exercicio realízanse as correspondentes correccións valorativas precisas atendendo o cobro futuro do saldo.

A Fundación clasifica os seus pasivos financeiros como:

1. Pasivos financeiros a custe amortizado.
2. Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de resultados..

A Fundación unicamente dispón de «Pasivos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida axustada polos custos de transacción que lles sexan directamente

atribuíbles. Non obstante os débitos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal.

**8. Existencias.**

A Fundación non dispón de ningún tipo de existencias durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

**9. Transaccións en moeda estranxeira.**

A Fundación non realizou transaccións en moeda estranxeira durante o exercicio nin durante o anterior.

**10. Impostos sobre beneficios.**

A Fundación tributa polo imposto sobre sociedades pola actividade que revista carácter mercantil. Neste caso calcúlase o gasto do exercicio en función do resultado contable suxeito e non exento, aplicando o tipo impositivo que legalmente corresponda.

**11. Ingresos e gastos.**

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido.

**12. Provisións e continxencias.**

A Fundación non dispón de ningún tipo de provisións a valorar durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

**13. Subvencións, doazóns e legados.**

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e recoñécense na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión, se cumpran as condicións estabelecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables para a súa recepción. As subvencións para actividades de realización plurianuais considéranse como Débedas transformables en subvencións pola parte non executada do total concedido.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.
- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.
- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.
- Cando se concede para unha finalidade especifica, impútanse no exercicio no que se consegue ese fin.

**14. Negocios conxuntos.**

A Fundación non levou a cabo durante o exercicio nin durante o anterior ningún tipo de negocios conxuntos.

**15. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.**

A Fundación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

## 5. -Inmobilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias.

**Inmobilizado material**

Nin durante o exercicio nin durante o anterior ten habido altas baixas ou traspasos de ningunha clase nos elementos de inmobilizado material da Fundación.

Durante o exercicio realizáronse dotacións de amortización ó inmobilizado material concretamente os equipos para procesos de Información, dado que os demais elementos xa están totalmente amortizados.

O detalle de elementos de inmobilizado material e de amortización acumulada é como segue:

| Concepto | Importes 2023 | Importes 2024 |
|---|---|---|
| Mobiliario | 2.393,43 | 2.393,43 |
| Equipos para Procesos de Información | 349,61 | 349,61 |
| Am. Ac. Mobiliario | -2.393,43 | -2.393,43 |
| Am. Ac. Equipos Proc. Información | -283,16 | -299,51 |
| **Saldo neto Inmobilizado material** | **66,45** | **50,1** |

Durante o exercicio non houbo nin altas nin baixas de inmobilizado material.

A dotación de amortización (Equipos de proceso de Información) do exercicio ascendeu a 16,35 euros (igual que o ano pasado).

Non existen inmobles cedidos a terceiros ou cedidos por terceiros á Fundación para o seu uso.

Non existen activos inmobilizados suxeitos a prenda, hipoteca ou outro tipo de gravame.

Non existen deterioros de valor aplicados aos elementos de inmobilizado material.

**Inversións inmobiliarias.**

A Entidade non dispón de inversións inmobiliarias, isto é, non dispón de terreos ou construcións cuxa xeración de ingresos para a Fundación puidese ser vía aluguer ou materialización de plusvalías a través do seu alleamento.

**Inmobilizado intanxible.**

O detalle de movementos habidos neste capítulo do balance é como segue:

| Descripción | 31/12/22 | Altas | Baixas | Traspasos | 31/12/23 | Altas | Baixas | Traspasos | 31/12/24 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Propiedade Industrial | 2.549,76 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 2.549,76 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 2.549,76 |
| Aplicacións Informáticas | 3.425,79 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.425,79 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.425,79 |
| **Total Inm. intanxible** | **5.975,57** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **5.975,55** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **5.975,55** |
| Amort. acum. Prop. Industrial | -2.549,76 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | -2.549,76 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | -2.549,76 |
| Amort. acum. Aplicacs Informáticas | -2.710,32 | -136,19 | 0,00 | 0,00 | -2.846,51 | -136.19 | 0,00 | 0,00 | -2.982,70 |
| **Amort. acum. Aplicacs Informáticas** | **-5.260,10** | **-136,19** | **0,00** | **0,00** | **-5.396,29** | **-136,19** | **0,00** | **0,00** | **-5.532,46** |
| **Inmovil Intanxible Neto** | **715,47** | **-136,19** | **0,00** | **0,00** | **579,28** | **-136,19** | **0,00** | **0,00** | **443.09** |

Non existen inmobilizados intanxibles con vida útil indefinida.

Non existen restricións sobre este tipo de bens.

As amortizacións dos Inmobilizados intanxibles calcúlanse linealmente a taxas anuais do 15%.

**Arrendamentos financeiros**

A Fundación non ten contratado ningún tipo de arrendamento financeiro.

## 6. -Bens do Patrimonio Histórico

A fundación cataloga nesta partida o importe correspondente ao valor de adquisición dun valioso manuscrito relacionado coa historia do nacionalismo galego: O *Manifesto das Irmandades da Fala*, depositado no Museo do Pobo Galego. O seu valor de adquisición foi de 1.502,53 euros.

## 7. -Activos Financeiros

A totalidade dos Activos Financeiros da Entidade corresponden á categoría de Activos Financeiros a Custo Amortizado e importan 11.105,12 euros (9.814,65 euros para o exercicio anterior).

Non existen partidas de deterioro rexistrados que estean minorando os importes anteriores.

No existen saldos de activos financeiros representativos de investimentos en empresas do grupo.

## 8. Pasivos financeiros.

Os Pasivos financeiros da entidade son todos con vencemento a curto prazo (en menos de un ano) e pertencen todos á categoría de Pasivos valorados a Custo Amortizado e importan: 2.087,67 euros (2.939,56 euros o ano anterior).

Non existen débedas con garantía real.

Durante o exercicio non se produciron impagos de principal ou intereses das débedas que a Fundación ten ou tivo durante o exercicio.

As únicas débedas que mantén a Fundación a finais de ano son de carácter comercial, o seu valor de reembolso é o que figura no balance, e por ser de carácter comercial a curto prazo non devengan ningún tipo de interese.

## 9. -Usuarios e outros debedores da Actividade Propia

O único saldo corresponde a créditos por importe de 11.105,12 euros (9.814,65 euros o exercicio anterior).

## 10.-Beneficiarios - Acredores

A Fundación non ten saldos clasificados como Beneficiarios – Acredores .

## 11.-Fondos propios

Os movementos experimentados nas distintas partidas de Fondos Propios no exercicio e no exercicio anterior son como seguen:

| MOVEMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ACTUAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **FONDOS PROPIOS** | **Saldo inicial** | **Aumentos** | **Diminucións** | **Saldo final** |
| **I. Dotación fundacional/Fondo social** | | | | |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social | **70.010,12** | 0,00 | 0,00 | **70.010,12** |
| 2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido) | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **II. Reservas voluntarias** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **III. Reservas especiais** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **IV. Remanente** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **V. Excedentes de exercicios anteriores** | **-43.195,10** | 21.688,23 | 1.808,13 | **-23.315,00** |
| **VI. Excedente do exercicio** | **21.688,23** | 5.896,19 | 21.688,23 | **5.896,19** |
| **TOTAIS** | **48.503,25** | **27.584,42** | **23.496,36** | **52.591,31** |

| MOVEMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ANTERIOR | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **FONDOS PROPIOS** | **Saldo inicial** | **Aumentos** | **Diminucións** | **Saldo final** |
| **I. Dotación fundacional/Fondo social** | | | | |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social | **70.010,12** | 0,00 | 0,00 | **70.010,12** |
| 2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido) | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **II. Reservas voluntarias** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **III. Reservas especiais** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **IV. Remanente** | **0,00** | 0,00 | 0,00 | **0,00** |
| **V. Excedentes de exercicios anteriores** | **-50.834,35** | 31.482,23 | 23.842,98 | **-43.195,10** |
| **VI. Excedente do exercicio** | **31.482,23** | 0,00 | 9.794,00 | **21.688,23** |
| **TOTAIS** | **50.658,00** | **31.482,23** | **33.636,98** | **48.503,25** |

## 12.-Situación fiscal

Os saldos de activo e pasivo que presenta a Fundación coas Administracións Públicas son como seguen:

| **Concepto** | **31/12/24** | **31/12/23** |
|---|---|---|
| F.P. debedora por subvencións concedidas | 9.888,48 | 34.517,18 |
| **Totais** | **9.888,48** | **34.517,18** |

| **Concepto** | **31/12/24** | **31/12/23** |
|---|---|---|
| F.P. Acredora por I.R.P.F. | 1.259,80 | 1.609,34 |
| F.P. Acredora por IVA | 6.131,99 | 4.351,17 |
| F.P. Acredora Por Outros Conceptos | 126,00 | 126,00 |
| Pasivos por impostos diferidos | 0,00 | 0,00 |
| Organismos S. S. Acredores | 898,91 | 864,67 |
| **Totais** | **8.416,7** | **6.951,18** |

O Imposto sobre Sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente han coincidir co resultado fiscal, entendido este como a base impoñible do citado imposto. A conciliación do resultado contable antes de impostos coa Base Impoñible para o exercicio e o anterior é como segue:

| Concepto | Exercicio 2024 | Exercicio 2023 |
|---|---|---|
| **Resultado exercicio antes de impostos** | **5.896,19** | **21.688,23** |
| Diferencias permanentes (Réxime fiscal entidades sen fins lucrativos (Lei 49/2002) | **20.756,24** | **-22.923,87** |
| Diferencias temporarias. | **0,00** | **0,00** |
| **Compensación de Bases impoñibles negativas de exercicios anteriores** | **-26.652,43** | **0,00** |
| **Base impoñible = Resultado fiscal** | **0,0** | **-1.235,64** |
| **Cota íntegra:** | **0,00** | **0,00** |
| Compensación de crédito fiscal | 0,00 | 0,00 |
| Deducións fiscais aplicadas | 0,00 | 0,00 |
| **Cota líquida** | **0,00** | **0,00** |
| Retencións e pagos a conta | 0,00 | 0,00 |
| Facenda Pública acredora por imposto sobre Sociedades | 0,00 | 0,00 |

A actividade suxeita ao imposto sobre sociedades durante o exercicio 2024 ven derivada de certas actividades de índole mercantil adxacentes á organización do Festigal. Os ingresos e gastos diferenciando os da actividade suxeita e exenta son como seguen:

| Concepto | Importe |
|---|---|
| Ingresos actividade suxeita | 46.597,17 |
| Ingresos de actividade exenta | 143.973,70 |
| Gastos actividade suxeita | -19.944,74 |
| Gastos actividade exenta | -164.729,94 |
| **Rdo mercantil:** | **5.896,19** |

A Fundación non é posuidora de Activos ou Pasivos por Impostos diferidos a finais do exercicio 2024 nin ó final do exercicio anterior.

A Entidade non aplicou ningún tipo de incentivo fiscal.

A partida de Outros Tributos é inexistente na Fundación.

De acordo coa lexislación vixente os impostos non deben considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracións presentadas teñan sido verificadas pola Inspección de Tributos do Estado ou teña transcorrido o prazo de prescrición. Debido ás diferentes interpretacións da normativa fiscal aplicable, poderian xurdir certas continxencias fiscais, cuxa cuantificación non é posible determinar obxectivamente. Non obstante, estímase que a débeda tributaria que de estes feitos podería xurdir non afectaria de maneira significativa ás presentes contas anuais no seu conxunto.

## 13.-Ingresos e Gastos

A Fundación non realizou ningún tipo de Axuda Monetaria ou Non Monetaria a ningún tipo de institución, centro, persoa física ou xurídica durante o exercicio 2024 e 2023.

A Fundación non presenta saldo ningún na partida de "Aprovisionamentos" da conta de resultados é polo tanto non resulta necesario o seu desglose.

O desglose da partida "Gastos de Persoal" da conta de resultados detallase a seguir:

| Concepto | Exercicio 2023 | Exercicio 2024 |
|---|---:|---:|
| Soldos e Salarios | 26.949,44 | 27.819,65 |
| Indemnizacións | 0,00 | 0,00 |
| Seguridade Social a cargo da Empresa | 8.637,36 | 8.935,88 |
| Outros Gastos Sociais | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAIS:** | **35.586,80** | **36.755,53** |

A partida de «Outros Gastos de Explotación» é como segue:

| Concepto | Exercicio 2023 | Exercicio 2024 |
|---|---:|---:|
| Gastos Investigación y Desarrollo del Ejercicio | 0,00 | 0,00 |
| Arrendamientos y Cánones | 0,00 | 0,00 |
| Reparaciones y Conservación | 0,00 | 0,00 |
| Servicios Profesionales Independientes | 0.00 | 354,81 |
| Transportes | 0,00 | 0,00 |
| Primas de Seguros | 822,59 | 2.045,53 |
| Servicios Bancarios y Similares | 53,50 | 110,54 |
| Publicidad, Propaganda y Relaciones Públicas | 261,36 | 1.663,75 |
| Subministros | 788,13 | 785,37 |
| Otros Servicios | 113.714,22 | 139.844,51 |
| Ajustes positivos en la imposición indirecta | 0,00 | -127,90 |
| Tributos | 0,00 | 0,00 |
| Perdas, deterioro e variación de provis por operacs comercs | 0,00 | 2.100,00 |
| Outros gastos de xestión corrente | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAIS:** | **115.639,80** | **146.776,61** |

Entre os gastos do exercicio 2024 figuran 2.886,80 euros máis ive de honorarios de auditor pola auditoría do exercicio 2023. Os honorarios do auditor pola auditoría do exercicio 2024 ascenderán a 3.004,41 euros máis ive.

A Fundación non realizou venta de bens ou prestación de servizos producidos por permuta de bens.

A Fundación non imputou como resultados excepcionais importe ningún no 2023 e -990,00 euros en 2024 (sanción).

## 14.-Subvenciones, doazóns e legados

A Fundación non ten subvencións de capital rexistradas dentro do seu Patrimonio Neto a final do 2023 nin tampouco a final do 2024.

As subvencións de explotación rexistradas na conta de resultados pola Fundación durante o exercicio foron as seguintes:

| Entidade concedente | Finalidade | Ano de concesión | Período de aplicación | Importe concedido | Total imputado a resultados |
|---|---|---|---|---|---|
| Deputación da Coruña | Programa de actividades, durante o exercicio | 2023 | 2023 | 32.260,23 | 32.260,23 |
| Doazóns particulares | Festigal | 2023 | 2023 | 20.620,00 | 20.620,00 |
| Ministerio de Cultura | Escola de formación | 2023 | 2023 | 2.256,95 | 2.256,95 |
| **TOTAIS** | | | | **47.963,53** | **47.963,53** |

| Entidade concedente | Finalidade | Ano de concesión | Período de aplicación | Importe concedido | Total imputado a resultados |
|---|---|---|---|---|---|
| Deputación da Coruña | Programa de actividades, durante o exercicio | 9.888,48 | 2024 | 9.888,48 | 9.888,48 |
| Deputación da Coruña | Festigal 2024 | 20.000,00 | 2024 | 20.000,00 | 20.000,00 |
| Ministerio de Cultura | Edición de publicación GALIZA COA CHAVE DOS SEUS CARTOS | 2.256,95 | 2024 | 2.256,95 | 2.256,95 |
| **TOTAIS** | | | | **32.145,43** | **32.145,43** |

## 15.-Actividade da Entidade. Aplicación de Elementos Patrimoniais a fins propios. Gastos de Administración.

### 15.1. Actividades realizadas pola entidade:

A continuación indicamos as diversas actividades desenvolvidas pola Fundación **no 2023** detallando o nivel de ingresos e gastos estimados xerados por cada unha delas:

| Denominación da actividade | Tipo de actividade | Actividade mercantil? Si/Non | Lugar de execución | Total de gastos imputables á actividade |
|---|---|---|---|---|
| Ingresos actividade non mercanti | Actividade ord. | NON | Fundación Galiza Sempre | 174.303,01 |
| Ingresos actividade mercantil | Festigal | NON | Santiago de Compostela | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Xuntanzas do padroado e xunta directiva para a preparación e xestión do programa de actividades da Fundación | Actividade ordinaria | NON | Fundación Galiza Sempre; | 0,00 |
| Actividade ordinaria: presentacións literarias, edición de publicacións, mesas redondas | Actividade ordinaria | NON | Santiago de Compostela | -54.538,01 |
| Gastos Festigal | Actividades Culturais | NON | Santiago de Compostela | -98.076,77 |
| | | | **TOTAIS:** | **21.688,23** |

A continuación indicamos as diversas actividades desenvolvidas pola Fundación **no 2024** detallando o nivel de ingresos e gastos estimados xerados por cada unha delas:

| Denominación da actividade | Tipo de actividade | Actividade mercantil? Si/Non | Lugar de execución | Total de gastos imputables á actividade |
|---|---|---|---|---|
| Ingresos actividade non mercantil: xuntanzas do padroado e xunta directiva para a preparación e xestión do programa de actividades da Fundación, publicacións, presentación, edición, etc. | Actividade ordinaria | NON | Fundación Galiza Sempre | 143.973,70 |
| Xuntanzas do padroado e xunta directiva para a preparación e xestión do programa de actividades da Fundación | Actividade ordinaria | NON | Fundación Galiza Sempre; | 0,00 |
| Gastos da actividade non mercantil | Actividade ordinaria | NON | Fundación Galiza Sempre | -164.729,94 |
| Ingresos da actividade mercantil: Festigal | | SI | Santiago de Compostela | 46.597,17 |
| Gastos actividade mercantil Festigal | Festigal | SI | Santiago de Compostela | -19.944,74 |
| | | | **TOTAIS:** | **5.896,19** |

Non houbo convenios de colaboración subscritos con outras entidades

**15.2. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.**

Non existen bens ou dereitos que formen parte da dotación e que se atopen sometidos a ningún tipo de restrición. Asemade, non existen bens ou dereitos vinculados de forma permanente aos fins fundacionais mediante declaración expresa ao efecto.

**15.3 Gastos de administración.**

Non existen gastos directamente ocasionados pola administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación nin no exercicio nin no anterior.

Non existen gastos dos que os patróns teñan dereito a ser resarcidos, nin no exercicio nin no anterior.

Dada a inexistencia de gastos de administración, non superan os límites fixados para este tipo de gastos no artigo 33 do Regulamento R.D. 1337/2005.

## 16.-Operacións con partes vinculadas

A Fundación non realizou operacións con entidades vinculadas distintas ás vinculadas co Bloque Nacionalista Galego, fundador da entidade. A continuación indicamos as operacións de compras, ventas (ou achegas) e os saldos debedores e acredores existentes con dito partido político:

| Gastos/compras | Importes 2023 | Importes 2024 |
|---|---|---|
| Compras de servizos ou materiais ao Bloque Nacionalista Galego | 0,00 | 0,00 |
| Ventas | 0,00 | 0,00 |
| Ingresos percibidos pola actividade non mercantil (achegas) | 81.700,00 | 105.000,00 |

Non existen saldos debedores ou acredores co Bloque Nacionalista Galego a final do 2023 nin do 2024.

Os membros do padroado da Fundación non percibiron remuneración algunha durante o exercicio 2023.

Non existen plans de pensións, anticipos, créditos ou outras retribucións en especie concedidas aos membros do padroado ou da alta dirección da Fundación.

## 17.-Outra información

O número medio anual de traballadores da Fundación, así como o número de traballadores existentes a final do exercicio 2023 e 2024:

| | EXERCICIO 2023 | | | |
|---|---|---|---|---|
| | A finais | | Nº medio | |
| **Categoría** | **Homes** | **Mulleres** | **Homes** | **Mulleres** |
| Dirección | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Persoal de Administración | 0 | 1 | 0 | 1 |
| Outras categorías | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **Traballadores totais** | **0** | **1** | **0** | **1** |
| | **EXERCICIO 2024** | | | |
| | **A finais** | | **Nº medio** | |
| **Categoría** | **Homes** | **Mulleres** | **Homes** | **Mulleres** |
| Dirección | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Persoal de Administración | 0 | 1 | 0 | 1 |
| Outras categorías | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **Traballadores totais** | **0** | **1** | **0** | **1** |

A Fundación non ten asuntos continxentes que supoñan a necesidade de contabilizar ningún tipo de pasivo no seu balance a 31 de decembro de 2023 nin a 31 de decembro de 2024. Non ten avais outorgados ante terceiros.

Non existen Feitos Posteriores ao peche do exercicio que se informa na presente memoria que deban ser postos de manifesto.

O período medio de pago a provedores calculado como [(Sdo medio Provedores)/ Compras e Serv. Exteriores ] x 365 días (resultado en días) resulta en: 1,68 días (2,1 días para o exercicio anterior).

## 18.-Conciliación do presuposto coa conta de Resultados e presuposto para o vindeiro exercicio

A continuación exprésase o presuposto aprobado pola Fundación ao tempo que se reflicten as diferenzas coa realidade do realmente acontecido durante o 2024.

| | INGRESOS 2024 | INGRESOS 2024 |
|---|---|---|
| **EPÍGRAFES** | ORZAMENTO | REALIZADO |
| **VENDA PUBLICACIÓNS** | 3.000,00 | 155,00 |
| **COLABORACIÓNS EMPRESARIAIS /** CONVENIOS ENTIDADES | 60.000,00 | 52.470,46 |
| **COTAS DE PARTICIPACIÓN EN SEMINARIOS E XORNADAS** | | |
| **SUBVENCIÓNS ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** | 10.000,00 | 9.888,48 |
| **SUBVENCIÓNS ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** | 20.000,00 | 20.000,00 |
| **OUTRAS SUBVENCIÓNS** | 3.000,00 | 2.256,95 |
| **DOAZÓNS** | | |
| **OUTROS INGRESOS DA EXPLOTACIÓN** | 85.000,00 | 105.000,00 |
| **OUTROS INGRESOS DE OPERACIÓNS EN COMÚN** | | 799,98 |
| **RIFAS** | | |
| **OUTROS INGRESOS FINANCIEIROS** | | |
| **INGRESOS EXCEPCIONAIS** | | |
| | | |
| **TOTAL INGRESOS** | **181.000,00** | **190.570,87** |

| | GASTOS 2024 | GASTOS 2024 |
|---|---|---|
| **EPIGRAFES** | ORZAMENTO | REALIZADO |
| **SERVIZOS EXTERIORES** | **145.000,00** | **144.676,61** |
| ARRENDAMENTOS | | |
| REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS | | |
| SERVIZOS PROFISIONAIS INDEPENDENTES | | |
| TRANSPORTES | | |
| PRIMAS DE SEGUROS | | |
| SERVIZOS BANCÁRIOS | | |
| PUBLICIDADE, PROPAGANDA E RELACIÓNS PÚBLICAS | | |
| SUMINISTROS | 800,00 | 785,37 |
| OUTROS SERVIZOS | 4.200,00 | 8.182,51 |
| FESTIGAL | 125.000,00 | 122.394,10 |

| | | |
|---|---|---|
| ACTIVIDADES | 15.000,00 | 13.314,63 |
| **GASTOS DE PERSOAL** | **36.000,00** | **36.755,53** |
| **GASTOS FINANCIEIROS** | **0,00** | **0,00** |
| **GASTOS EXCEPCIONAIS** | **0,00** | **990,00** |
| **AMORTIZACIÓNS** | **0,00** | **152,54** |
| **DETERIOROS** | **0,00** | **2.100,00** |
| | | |
| **TOTAL GASTOS** | **181.000,00** | **184.674,68** |
| **LIQUIDACIÓN (INGRESOS - GASTOS)** | **0,00** | **5.896,19** |

A Fundación en data 13 de decembro de 2024 aprobou o presuposto para o 2025 que segue en liña coas anteriores cifras referidas ao 2024. O seu detalle é como segue:

| **EPÍGRAFES** | **INGRESOS** ORZAMENTO |
|---|---|
| **VENDA PUBLICACIÓNS** | 1.000,00 |
| **COLABORACIÓNS EMPRESARIAIS /** CONVENIOS ENTIDADES | 67.000,00 |
| **COTAS DE PARTICIPACIÓN EN SEMINARIOS E XORNADAS** | |
| **SUBVENCIÓNS ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** | 10.000,00 |
| **SUBVENCIÓNS ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** | 20.000,00 |
| **SUBVENCIÓNS ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** | 6.800,00 |
| **OUTRAS SUBVENCIÓNS** | 2.500,00 |
| **DOAZÓNS** | |
| **OUTROS INGRESOS DA EXPLOTACIÓN** | 79.200,00 |
| **RIFAS** | |
| **OUTROS INGRESOS FINANCIEIROS** | |
| **INGRESOS EXCEPCIONAIS** | |
| | |
| **TOTAL INGRESOS** | **186.500,00** |

| **EPIGRAFES** | **GASTOS** ORZAMENTO |
|---|---|
| **COMPRA MUEBLES** | **8.500,00** |
| **SERVIZOS EXTERIORES** | **140.500,00** |
| ARRENDAMENTOS | |
| REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS | |
| SERVIZOS PROFISIONAIS INDEPENDENTES | |
| TRANSPORTES | |
| PRIMAS DE SEGUROS | 3.500,00 |
| SERVIZOS BANCÁRIOS | |
| PUBLICIDADE, PROPAGANDA E RELACIÓNS PÚBLICAS | |
| SUMINISTROS | 1.000,00 |

| | |
|---|---|
| OUTROS SERVIZOS | 9.000,00 |
| FESTIGAL | 113.000,00 |
| ACTIVIDADES | 14.000,00 |
| **SALARIOS** | |
| **SEGUROS SOCIAIS** | **37.500,00** |
| **GASTOS FINANCIEIROS** | |
| **AMORTIZACIÓNS** | |
| **PERDIDAS E GANANCIAS** | |
| | |
| **TOTAL GASTOS** | **186.500,00** |
| | |
| **SALDO (INGRESOS - GASTOS)** | **0,00** |

## 19.-Inventario

O inventario ao que se refire o artigo 25.2 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, detállase a seguir:

| BENS E DEREITOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **DESCRICIÓN DO ELEMENTO** | **DATA DE ADQUISICIÓN** | **VALOR CONTABLE TOTAL** | **OUTRAS VALORACIÓNS REALIZADAS** | **AMORTIZACIÓNS, DETERIORIO E OUTRAS PARTIDAS COMPENSADORAS** | **CARGAS E GRAVAMENS** | **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS** |
| **INMOBILIZADO MATERIAL** | | | | | | |
| 3 mesas, 4 archivadores oficina | 30/11/99 | 2.134,12 | | 2.134,12 | | |
| Grabadora | 21/09/00 | 240,61 | | 240,61 | | |
| Estanterías | 30/09/00 | 259,31 | | 259,31 | | |
| Disco Duro | 10/08/21 | 109,00 | | 58,90 | | |
| **INMOBILIZADO INTANXIBLE** | | | | | | |
| Propiedade industrial e intelectual | | | | | | |
| Marca | 26/04/01 | 80,87 | | 80,87 | | |
| Marca | 25/05/01 | 343,33 | | 343,33 | | |
| Marca Festigal | 17/07/02 | 353,64 | | 353,64 | | |
| Marca | 10/12/10 | 480 | | 480 | | |
| Marca Festigal | 28/03/12 | 384 | | 384 | | |
| Marca | 11/03/21 | 509,59 | | 290,90 | | |
| Marca | 03/02/22 | 398,34 | | 173,94 | | |
| Aplicacións informáticas | | | | | | |
| Software: Base datos lexislación | 10/11/99 | 850,07 | | 850,07 | | |
| Software: Base datos lexislación | 01/10/00 | 850,07 | | 850,07 | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Software: Base datos lexislación | 01/10/01 | 850,07 | | 850,07 | | |
| Software: Base datos lexislación | 04/11/02 | 875,58 | | 875,58 | | |
| **BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO** | | | | | | |
| Manuscrito sobre o nacionalismo galego: Manifesto nacionalista de Lugo | 02/12/00 | 1.502,53 | | | | |

| DÉBEDAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **DESCRICIÓN DA DEBEDA** | **DATA DE FORMALIZACIÓN** | **VALOR NOMINAL** | **VALOR DE REEMBOLSO** | **INTERESES SATISFEITOS** |
| **A CURTO PRAZO** | Préstamo do Bloque Nacionalista Galego | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Débedas correntes | Diversas | 2.087,67 | 2.087,67 | 0,00 |
| | Débeda por remuneracións pendentes | 31/12/2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Débedas coas administracións públicas | Diversas | 8.416,70 | 8.416,70 | 0,00 |

**Estas contas foron formuladas polo Tesoureiro do Padroado da Fundación, co visto e prace do Presidente. En Compostela a 21 de maio de 2025.**

| | |
|---|---|
| *Lois Pérez Castrillo*<br>*Tesoureiro do Padroado* | *Vº Pº*<br>*Rubén Cela Díaz*<br>*Presidente do Padroado* |

Fundación GALIZA SEMPRE

Fundación GALIZA SEMPRE

## FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

| BALANCE ABREVIADO ENTIDADES SEN ÁNIMO LUCRO<br>ACTIVO | NOTAS DA MEMORIA | 2024 | 2023 |
|---|---|---|---|
| A) ACTIVO NO CORRIENTE | | **1.995,72** | **2.148,26** |
| I. Inmobilizado intanxible | 5 | 443,09 | 579,28 |
| II. Bens do Patrimonio Histórico | 6 | 1.502,53 | 1.502,53 |
| III. Inmobilizado material | 5 | 50,10 | 66,45 |
| IV. Investementos inmobiliarios | | | |
| V. Investementos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo | | | |
| VI Investementos financeiros a longo prazo | | | |
| VII. Activos por imposto diferido | | | |
| B) ACTIVO CORRIENTE | | **61.099,96** | **56.245,95** |
| I. Activos non correntes mantidos para a venta | | | |
| II. Existencias | 7-9 | 1.300,00 | 0,00 |
| III. Usuarios e outros debedores da actividade | | | |
| IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar | 7-9 | 19.693,60 | 44.331,83 |
| V. Investemento en entidades do grupo e asociadas a curto prazo | | | |
| VI. Investementos financeiros a curto prazo | | | |
| VII. Periodificacións a curto prazo | | | |
| VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes | | 40.106,36 | 11.914,12 |
| TOTAL ACTIVO (A + B) | | **63.095,68** | **58.394,21** |

| | |
|---|---|
| *Lois Pérez Castrillo*<br>*Tesoureiro do Padroado* | *Vº Bº*<br>*Rubén Cela Díaz*<br>*Presidente do Padroado* |

**FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE**

| BALANCE ABREVIADO ENTIDADES SEN ÁNIMO LUCRO<br>PATRIMONIO NETO E PASIVO | | NOTAS DA MEMORIA | 2024 | 2023 |
|---|---|---|---|---|
| **A)** | **PATRIMONIO NETO** | | **52.591,31** | **48.503,25** |
| **A-1)** | **Fondos propios** | 11 | 52.591,31 | 48.503,25 |
| **I.** | **Dotación fundacional/Fondo social** | | 70.010,12 | 70.010,12 |
| | 1. Dotación fundacional/Fondo social | | 70.010,12 | 70.010,12 |
| | 2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social | | | |
| **II.** | **Reservas** | | | |
| **III.** | **Excedentes de exercicios anteriores** | | -23.315,00 | -43.195,10 |
| **IV.** | **Excedente do exercicio** | 3 | 5.896,19 | 21.688,23 |
| **A-2)** | **Axustes por cambios de valor** | | | |
| **A-3)** | **Subvencións, doacións e legados recibidos** | | | |
| **B)** | **PASIVO NON CORRENTE** | | **0,00** | **0,00** |
| **I.** | **Provisións a longo prazo** | | | |
| **II.** | **Deudas a largo plazo** | | | |
| | 1. Debedas con entidades de crédito | | | |
| | 2. Acredores por arrendamento financeiro | | | |
| | 3. Outras debedas a longo prazo | | | |
| **III.** | **Debedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo** | | | |
| **IV.** | **Pasivos por imposto diferido** | | | |
| **V.** | **Periodificacións a longo prazo** | | | |
| **C)** | **PASIVO CORRENTE** | | **10.504,37** | **9.890,96** |
| **I.** | **Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos p vta.** | | | |
| **II.** | **Provisións a curto prazo** | | | |
| **III.** | **Debedas a curto prazo** | | | |
| | 1. Debedas con entidades de crédito | | | |
| | 2. Acredores por arrendamento financeiro | | | |
| | 3. Outras debedas a longo prazo | | | |
| **IV.** | **Debedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo** | | | |
| **V.** | **Beneficiarios – Acredores** | | | |
| **VI.** | **Acredores comerciais e outras contas a pagar** | | **10.504,37** | **9.890,96** |
| | 1. Provedores | | 0,40 | 1.335,60 |
| | 2. Outros acredores | 12 | 10.503,97 | 8.555,36 |
| **VII.** | **Periodificacións a curto prazo** | | | |
| **TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)** | | | **63.095,68** | **58.394,21** |

| | |
|---|---|
| *Lois Pérez Castrillo*<br>*Tesoureiro do Padroado* | *Vº Bº*<br>*Rubén Cela Díaz*<br>*Presidente do Padroado* |

**FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE**

| CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024 | | NOTAS DA MEMORIA | 2024 | 2023 |
|---|---|---|---|---|
| A) | EXCEDENTE DO EXERCICIO | | | |
| 1. | Ingresos da actividade propia | 12 | 143.173,72 | 174.303,01 |
| a) | Cotas de asociados e afiliados | | | |
| b) | Aportacións de usuarios | | | |
| c) | Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións | | 111.028,29 | 139.785,83 |
| d) | Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio | | 32.145,43 | 34.517,18 |
| e) | Reintegro de axudas e asignacións | | | |
| 2. | Vendas e outros ingresos da actividade mercantil | 12 | 46.597,17 | |
| 3. | Gastos por axudas e outros | | 0,00 | 0,00 |
| a) | Axudas monetarios | | | |
| b) | Axudas non monetarias | | | |
| c) | Gastos por colaboracións e do órgano de goberno | | | |
| d) | Reintegro de subvencións, doazóns e legados | | | |
| 4. | Variación de existencias de produtos terminados i en curso de fabricación. | | | |
| 5. | Traballos realizados pola entidade para o seu activo | | | |
| 6. | Aprovisionamentos | | | |
| 7. | Outros ingresos da actividade | | 799,98 | 0,00 |
| 8. | Gastos de persoal | 13 | -36.755,53 | -35.586,80 |
| 9. | Outros gastos da actividade | 13 | -146.776,61 | -115.639,80 |
| 10. | Amortización do inmobilizado | 5 | -152,54 | -152,54 |
| 11. | Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio. | | | |
| 12. | Exceso de provisións | | | |
| 13. | Deterioro e resultado por enaxenacións do inmobilizado | 13 | -990,00 | 0,00 |
| A.1. | EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13) | | 5.896,19 | 22.923,87 |
| 14. | Ingresos Financeiros | | | |
| 15. | Gastos Financeiros | 12 | | -1.235,64 |
| 16. | Variación do valor razonable en instrumentos financeiros | | | |
| 17. | Diferenzas de cambio | | | |
| 18. | Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros | | | |
| A.2. | EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18) | | 0,00 | -1.235,64 |
| A.3. | EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2) | | 5.896,19 | 21.688,23 |
| 19. | Imposto sobre beneficios | | | |
| A.4) | VARIACIÓN DO PATR. NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+19) | | 5.896,19 | 21.688,23 |
| B) | INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO | | | |
| 1. | Subvencións recibidas | | | |
| 2. | Doazóns e legados recibidos | | | |
| 3. | Outros Ingresos e Gastos | | | |
| 4. | Efecto impositivo | | | |
| B.1) | VAR. DE PATR. NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECT. NO PATR. NETO (1+2+3+4) | | 0,00 | 0,00 |
| C) | RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO. | | | |
| 1. | Subvencións recibidas | | | |
| 2. | Doazóns e legados recibidos | | | |
| 3. | Outros Ingresos e Gastos | | | |
| 4. | Efecto impositivo | | | |
| C.1) | VARIACIÓN DE PATR.NETO POR RECLASIFS. AO EXCEDENTE DO EXERCICIO (1+2+3+4) | | 0,00 | 0,00 |
| D) | VARIACIÓNS DO PATR. NETO POR INGR. E GASTOS IMPUT. DIRECT. AO PATR. NETO (B.1+C.1) | | 0,00 | 0,00 |
| E) | AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO | | | |
| F) | AXUSTES POR ERRORES | | -1.808,13 | -23.842,98 |
| G) | VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL | | | |
| H) | OUTRAS VARIACIÓNS | | | |
| I) | RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H) | | 4.088,06 | -2.154,75 |

| | Vº Bº |
|---|---|
| *Lois Pérez Castrillo*<br>*Tesoureiro do Padroado* | *Rubén Cela Díaz*<br>*Presidente do Padroado* |

Fundación GALIZA SEMPRE

# Resumo de actividades 2024

Fundación GALIZA SEMPRE

1. Colección Ideas Impresas
2. Colección Grandes Efemérides de Galiza
3. Campaña 50 aniversario do 25 de Abril
4. Presentación do libro *A Guerra a Leste. 8 meses no Donbass*
5. Diálogos desde a Periferia
6. Festigal
7. Gravación do filme documental *A Revolución Galega de 1846*
8. Relacións con outras entidades

# Colección Ideas Impresas

## O FERROCARRIL EN GALIZA








## ATURUXOS DE LIBERDADE: O MOVEMENTO LGBT+ NA GALIZA



# Colección *Grandes Efemérides de Galiza*

| 10/03/2024 | 25/04/2024 | 25/07/2024 |
|---|---|---|
| 80 ANOS DO SEMPRE EN GALIZA | 50 ANOS DO 25 DE ABRIL DESDE GALIZA | 40 ANOS DA VOLTA DO NACIONALISMO Á PRAZA DA QUINTANA |









# 50 anos do 25 de Abril





EXPOSICIÓN 'ABRIL É MAIS FUTURO'





A REVOLUCIÓN DOS CRAVOS. O PROCESO REVOLUCIONARIO E AS PERSPECTIVAS DE CAMBIO PARA GALIZA





NOVO NÚMERO DA EFEMÉRIDE

# Presentación do libro 'A Guerra a Leste. 8 meses no Donbass'



# Diálogos desde a Periferia



# FESTIGAL


COMPOSTELA | CAMPUS VIDA | 24 e 25 DE XULLO 2024
FESTIGAL
PODER POPULAR
24 DE XULLO | 21:45H
FILLOAS
DE NINGHURES
MONDRA
REBELIOM
DO INFRAMUNDO
25 DE XULLO | 18H
DONICELAS
PAVA-LUCÍA ALDAO
DJ MISA
festi.gal
@afestigal
Espazo de acampada. Inscricións en acampada@festi.gal
GALIZA NOVA
USC

# Gravación A Revolución Galega de 1846

- FRANCISCO RODRÍGUEZ
- UXÍO BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL
- HENRIQUE DEL RÍO
- SUSO DE TORO
- MARGA DOVAL (SÁBADO 14 DE DEC.)
- XOSÉ RAMÓN ERMIDA (SÁBADO 14 DE DEC.)
- IRIA TAIBO (21 DE DEC.)
- XOSÉ RAMÓN VEIGA (21 DE DEC.)

# Relacións con outras entidades (I)

**F. COOPIETERS**



**ÒMNIUM**




**FÓRUM SOBERANISTA**



# Relacións con outras entidades (II)

## VÍA GALEGA













## COMISIÓN 50 ANIVERSARIO DO ASASINATO DE MONCHO REBOIRAS

